

COMPOSTELÁNEA

CULTURA OCIO TURISMO / CULTURE LEISURE TOURISM / N°10 MAI 2017

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

GALICIAN LITERATURE DAY

FESTAS DA ASCENSIÓN

Concertos, verbena e festivais, danza, Voaxa e Carmín, Stormtroopers III...

ASCENSIÓN FESTIVE CELEBRATIONS

Imperdible, Compostela Conversa, Santiator, Día dos Museos...



...onde durmir esta noite?

¿DÓNDE DORMIR ESTA NOCHE? / WHERE TO STAY TONIGHT?



BOAS NOITES

En www.santiagoturismo.com atoparás a dispoñibilidade real de hoteis, pensións, albergues e apartamentos para aloxarte HOXE, actualizada polas súas propias recepcións.

BUENAS NOCHES

En www.santiagoturismo.com encontrarás la disponibilidad real de hoteles, pensiones, albergues y apartamentos para alojarte HOY, actualizada por sus propias recepciones.

GOOD NIGHT

www.santiagoturismo.com shows you the real availability of the city's hotels, hostels and tourist apartments for TONIGHT, updated by their own front desks.





As Festas da Ascensión son, xunto coas do Apóstolo, as máis agardadas polos composteláns. A cidade échese de actividades lúdicas e culturais, concertos, actuacións nas rúas e teatro, e revisita tradicións moi queridas: os cabezudos, a muiñeira, a feira na Alameda, a nora, o polbo na Carballeira de Santa Susana e a feira cabalar en Amio.

O seu día central –xoves 25– debería marcar o inicio do bo tempo tralo longo inverno. A tradición indica que ‘se chove na Ascensión, 40 días de chuvia son, un si e un non’. Por iso toda a cidade olla o ceo en tan sobranceira data, máis aló da nora que xira no horizonte. Oxalá nos corresponda un mes despexado, porque o sábado 27 desfilarán as tropas imperiais celebrando o 40 aniversario de “Star Wars” e non é cousa de que se enferruxen.

Ata entón median no calendario eventos tan variados como atractivos a carreira nocturna SantYaGo 10K, a Feira do Libro, numerosos concertos, humor, danza, teatro... Pero o protagonismo recae no Día das Letras Galegas, que o 17 de maio homenaxeará con diversos eventos ao escritor Carlos Casares, e nos museos, que celebran o 18 de maio o seu Día Internacional con xornadas de portas abertas. Son bos tempos para a cidade. Compostela é unha festa.

Las Fiestas de la Ascensión son, junto a las del Apóstol, las más esperadas por los compostelanos. La ciudad se llena de actividades lúdicas y culturales, conciertos y actuaciones en las calles, y revisita tradiciones muy queridas: los cabezudos, la muiñeira, la feria en la Alameda, la noria, el pulpo en la Carballeira de Santa Susana y la feria caballar en Amio.

Su día central, el jueves 25, debería marcar el inicio del buen tiempo tras el largo invierno. La tradición indica que ‘si llueve en la Ascensión, 40 días de lluvia son, día si y día no’. Por eso toda la ciudad mira el cielo en tan señalada fecha, más allá de la noria que gira en el horizonte. Ojalá nos corresponda un mes despejado, porque el sábado 27 desfilarán las tropas imperiales celebrando el 40 aniversario de “Star Wars” y no es cuestión de que se oxiden.

Hasta entonces, median en el calendario eventos tan variados como atractivos: la carrera nocturna SantYaGo 10K, la Feria del Libro, numerosos conciertos, humor, danza, teatro... Pero el protagonismo recae en el Día de las Letras Galegas, que el 17 de mayo homenajeará con diversos eventos al escritor Carlos Casares; y en los museos, que celebran el 18 de mayo su Día Internacional con jornadas de puertas abiertas. Son buenos tiempos para la ciudad. Compostela es una fiesta.

Residents of Compostela await with great expectation the most popular festive celebrations, the Ascensión and Apóstolo *fiestas*. Days full of leisure and cultural activities all over the city, like concerts and street entertainment; and also time to revive traditions such as *cabezudos*, *muiñeira* dances, the amusement at the Alameda park, the Ferris wheel, the octopus served at Santa Susana’s oak grove and the Official Horse Competition in the cattle market precinct of Amio.

An old saying predicts the end of the long winter, weather wise, based on the big day of the Ascensión. According to this tradition, if it rains on this day, Thursday 25th, it will rain every other day for the next 40. This is why you’ll find the entire city looking at the sky, way beyond the big wheel turning on the horizon, with their fingers crossed. Hopefully we will enjoy clear skies, specially for Saturday 27th, as the Imperial Stormtroopers are coming to parade the streets in commemoration of the 40th anniversary of “Star Wars”, and we wouldn’t like them to rust.

Many appealing events are marked on the calendar for previous dates: the “SantYaGo 10K” night race, the Book Fair, concerts, humour shows, dance performances, theatre plays... But the most relevant one is Galician Literature Day, on May 17th, in tribute of the writer Carlos Casares on this occasion. Museums also celebrate their International Day this month, with open days and other events on the 18th. These are good times for the city. Compostela is a celebration!

3 Editorial

4 Reportaxe | Reportaje | Report

Festas da Ascensión e Día das Letras Galegas
Ascension festive celebrations and Galician Literature Day

7 Non perdas... | No te pierdas... | Don’t miss...

Teatro e danza / Theatre and Dance
Infantil e familiar / For kids & families
Música / Music
Deportes / Sports
Arte / Art
Ocio / Leisure

11 Cinema

12 Opinión | Opinion

A Ascensión: a feira que trouxo a festa.
Dehistoria

La Ascensión: la feria que trajo la fiesta | The Ascensión:
a market fair that became a *fiesta*

14 Axenda | Agenda | Agenda

18 Exposicións | Exposiciones | Exhibitions

21 Museos & Monumentos | Museums & Monuments

24 Turisteando | Sightseeing

26 Directorio | Directory

EDICIÓN | EDITION

Concello de Santiago de Compostela

COORDINACIÓN | COORDINATION

Concellaría de Acción Cultural e Turismo de Santiago

IMAXE DE PORTADA | COVER IMAGE

©Jano, artista da MiiC (Mostra Internacional de Ilustración Contemporánea), no Auditorio de Galicia ata o 25 de xuño

DESEÑO / MAQUETACIÓN / TRADUCCIÓN

DESIGN / LAYOUT / TRANSLATION

ekinocio.com

ROTATIVA | ROTARY PRESS

Galicia Editorial SL

DEPÓSITO LEGAL | LEGAL DEPOSIT

C 1198 - 2016

ACCIÓN CULTURAL

Auditorio de Galicia: Avda. Burgo das Nacións, s/n | 981 552 290 |
info@auditoriodegalicia.org

Centro Sociocultural da Trisca: Corredoira das Fraguas, 92 | 981 543 192

Centro Sociocultural das Fontiñas: Rúa Berlín, 13 | 981 528 750

Centro Sociocultural de Conxo: Praza Aurelio Aguirre, 1 | 981 528 740

Centro Sociocultural de Santa Marta: Rúa Antonio Rama Seoane, 6 | 981 543 017

Centro Sociocultural de Vite: Rúa de Carlos Maside, 7 | 981 542 490

Centro Sociocultural do Castiñeiro: Rúa Virxe de Fátima, 1 | 981 542 459

Centro Sociocultural O Ensanche: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 | 981 543 001

Teatro Principal: Rúa Nova, 21 | 981 542 347 (oficina)
981 542 349 (despacho de billetes) | tprincipal@santiagodecompostela.gal

Zona “C”: San Domingos de Bonaval, 1 | 981 552 290

TURISMO

Oficina Central de Información Turística Municipal. Turismo de Santiago

Rúa do Vilar, 63 | (+34) 881 866 397 | santiagooturismo.com | info@santiagooturismo.com
Aberta todo o ano. (Maio-outubro): Lu.-Do. 9 h-21 h / (Novembro-abril): Lu.-Vi. 9 h-19 h / Sa, Do, festivos, 9 h-14 h / 16 h-19 h | Open all year. High season (May-October): Every day, 9 am-9 pm. (November-April): Mon-Fri 9 am-19 pm / Sat, Sun, bank holidays, 9 am-14 pm / 16 am-19 pm

Punto de Información Turística Aeroporto de Santiago (Sala A Chegadas)

(+34) 981 897 194 | aeroporto@santiagooturismo.com
(Semana Santa a outubro): Lu.-Do. 9.15 h-17.45 h | (Easter-October): Mon.-Sun. 9.15 am-5.45 pm.

Oficina de Información Turística de Galicia / Xacobeo

Rúa do Vilar, 30-32 | (+34) 881 866 397 - 902 332 010 | turismo.gal | caminodesantiago.gal
Tempada alta (16 abril-15 outubro): Luns-Venres 9 h-20 h | Sábados e festivos 10 h-20 h | Do. 10 h-15 h
High season (16 April-15 October): Mon.-Fri. 9 am-8 pm | Sat. and holidays: 10 am-8 pm | Sun. 10 am-3 pm

Punto de Información Turística Dársena de Autobuses Xoán XXIII

(+34) 981 576 698 | Aberta todo o ano: (maio-outubro): Lu.-Do. 9 h-20 h | (novembro-abril): Lu.-Vi. 9 h-19 h / Sábado, Domingo e fest., 9 h-14 h e 16 h-19 h | Open all year. (May-Oct.): Monday-Sunday 9 am-8 pm. / (November-April): Monday-Friday 9 am-19 pm / Sat, Sun, bank holidays, 9 am-14 pm / 16 am-19 pm

Centro de Acolida ao Peregrino/a | Centro de Acogida al Peregrino/a | Pilgrim’s Welcome Office

Rúa de Carretas, 33 | (34) 981 568 846 | oficinadelaperegrino.com/
Tempada alta (Semana Sta.-out.): Todos os días, 9 h-20 h / Every day, 9 am-8 pm



Festas da ASCENSIÓN

DO 24 AO 28 DE MAIO

Xa chegou maio, tempo da Ascensión, a festa máis entrañable e preferida dos composteláns. A súa data de celebración varía cada ano, coincidindo co sexto xoves despois da Pascua de Resurrección. Como de costume, a música tomará as rúas e o ambiente festivo sacará á cidade da súa fermosa e característica melancolía por uns días. Gozade da programación da festa e de todas as propostas culturais que chegan co mes das flores.

Ya llegó mayo, tiempo de la Ascensión, la fiesta más entrañable y preferida de los compostelanos. Su fecha de celebración varía cada año, coincidiendo con el sexto jueves después de la Pascua de Resurrección. Como de costumbre, la música tomará las calles y el ambiente festivo sacará a la ciudad de su hermosa y característica melancolía por unos días. Disfrutad de la programación de la fiesta y de todas las propuestas culturales que llegan con el mes de las flores.

May is finally here, and it's time for the Ascensión festive celebrations, regarded as the favourite *fiesta* for many Compostela locals. It takes place on the sixth Thursday after Easter Sunday. There will be music in squares and streets and, for a few days, the characteristic sweet melancholy of Santiago will be drawn away by the festive atmosphere. Enjoy the special *fiesta* programme and all the cultural events will make the flower month bloom even more.



Tradición e verbena

TRADICIÓN Y VERBENA | TRADITION AND FAIRGROUND FUN

O *skyline* da cidade muda o seu tradicional aspecto coa silueta da grande nora e a Alameda vístese de gala coas barracas dos feirantes, para recibir as noites de verbena. O carácter máis tradicional da festa complétase co torneo de chave, as casetas do polbo, as comparsas de cabezudos e o embriagador cheiro dos postos de libro vello misturado co dos churros ao longo do paseo da Ferradura. A Feira Cabalar, cos seus concursos e exhibicións, levará a Amio o espírito orixinal desta celebración, a antiga feira da Ascensión; lugar que tamén acollerá a Festa para os Maiores co seu multitudinario xantar e posterior baile.

El *skyline* de la ciudad cambia su tradicional aspecto con la silueta de la gran noria y la Alameda se viste de gala con las barracas de los feriantes, para recibir las noches de verbena. El carácter de la fiesta más tradicional se completa con el torneo de llave, las casetas del pulpo, las comparsas de cabezudos y el aroma único a libro viejo y churros a lo largo del Paseo de la Herradura. La Feria Caballar, con sus concursos y exhibiciones, llevará a Amio el espíritu original de esta celebración, la antigua feria de la Ascensión; también allí se celebrará la Fiesta para los Mayores con su multitudinario banquete y posterior baile.

The silhouette of the great Ferris wheel will change the city's usual skyline as the Alameda park smartens up with the lights of the fairground rides, to receive the open-air dance nights. The most traditional part of the *fiestas* includes a *chave* tournament, the octopus stalls, *cabezudos* parades and the unique scent of old books and churros along the Paseo da Ferradura. Exhibitions and contests of the Official Horse Competition will bring back the original spirit of this celebration, the Old Ascensión Market, to the cattle market precinct of Amio; also venue of the Fiesta for the Elderly with its multitudinous meal and dance.

CONCURSO CABALAR ASCENSIÓN 2017

25 MAIO, MERCADO NACIONAL DE GANDO DE SANTIAGO (AMIO)

Inscripcións para os concursos morfolóxicos puntuables para a "Copa Galicia de Pura Raza Galega 2017" e os concursos de cabalos e eguas cruzados e percheróns

10.00 H | MESA DO XURADO

CONCURSOS DE CABALOS E EGUAS CRUZADOS

10.30 h: Concurso morfolóxico de cabalos cruzados (maiores de tres anos)
11.00 h: Concurso morfolóxico de eguas cruzadas (maiores de tres anos)

CONCURSO DE PURA RAZA GALEGA P.R.G.

11.30 h: Concurso Morfolóxico de sementáis maiores de 3 anos.
12.00 h: Concurso Morfolóxico de eguas maiores de 3 anos.

CONCURSO PERCHERÓNS "TROFEO CABALO SANTIAGUEIRO"

12.30 h: Concurso morfolóxico de cabalos e eguas percheróns (+ de 3 anos)
13.00 h: Entrega de premios e trofeos as gandeirías gañadoras e do "Gran Premio Dragóns de Santiago", Trofeo Institucional do Concello de Santiago de Compostela.

GRAN ESPECTÁCULO ECUESTRE

Club de Volteo de Burgos e a compañía Hnos. Borjas, coa participación especial da Asociación Pura Raza Cabalo Galego

13.10-14.15 H | ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA

Música en cada recuncho

MÚSICA EN CADA RINCÓN | MUSIC EVERYWHERE

A cidade enteira vibrará cos concertos e actuacións deste ano. Música para todos os gustos e idades, desde as tendencias máis actuais que achegan Los40, pasando polo blues de Myles Sanko, as propostas de Kiko Veneno, Eladio y los Seres Queridos ou o Translations Trio; até os grupos noveis do Cancelas Fest... Os amantes da clásica terán a oportunidade de escoitar á Real Filharmonía de Galicia coa espectacular acústica da Quintana, e as melodías máis familiares virán da man da Banda Municipal. O espectáculo cheo de ritmo de María Fumaça fará bailar á cativada e co *Compostela é! Música* gozaremos dos sons das formacións locais. A rúa encherase de folk, de percusión e de corais que cubrirán con voces os poucos silencios que queden libres nestes días festivos.

La ciudad entera vibrará con los conciertos y actuaciones de este año. Música para todos los gustos y edades, desde las tendencias más actuales que traen Los40, pasando por el blues de Myles Sanko, las propuestas de Kiko Veneno, Eladio y los Seres Queridos o el Translations Trio; hasta los grupos noveles del Cancelas Fest... Los amantes de la clásica tendrán la oportunidad de escuchar a la Real Filarmonía de Galicia con la espectacular acústica de la Quintana, y las melodías más familiares vendrán de la mano de la Banda Municipal. El espectáculo lleno de ritmo de María Fumaça hará bailar a los más pequeños y con *Compostela é! Música* disfrutaremos de los sonidos de las formaciones locales. La calle se llenará de folk, de percusión y de corales que cubrirán con voces los pocos silencios que queden libres en estos días festivos.

This year's concerts are gonna make the whole city shake. Music for every taste and age, from the latest trends of Los40, the blues of Myles Sanko, the proposals of Kiko Veneno, Eladio y los Seres Queridos or Translations Trio; to the new bands of Cancelas Fest... Lovers of classic music will have the opportunity to listen to the Real Filharmonía de Galicia with the spectacular acoustics of the Quintana, and familiar tunes will come from the hand of the Municipal Band. Kids will get dancing with María Fumaça's show and *Compostela é! Música* brings the sound of the local bands. Listen out for the folk, and percussion rhythms on the streets and also choirs that will cover with voices the few silences left during these festive days.

Teatro, danza e moito máis

TEATRO, DANZA Y MÁS | THEATRE, DANCE AND MORE

Non perdades a nova oportunidade de ver ás Marias volver á vida no Teatro Principal. Sentide os zancos de Maduixa Teatre danzar polas pedras da Quintana e vede como a Praza do Obradoiro recibe a milleiros de fans de Star Wars que asistirán ao III Desfile Imperial Stormtroopers. Animade aos participantes do Campionato Galaico-Portugués de hockey a patíns e da V Proba da Liga Galega de O-Pé. E se o que apetece é catar cousas novas, a Ruta Ecogastro de tapas ecolóxicas do Ensanche pode resultar do máis tentador, así como o mercado Compostela Eco situado na Praza Roxa.

No os perdais la nueva oportunidad de ver a las Marias volver a la vida en el Teatro Principal. Sentid los zancos de Maduixa Teatre danzar por las piedras de la Quintana y ved como la Praza do Obradoiro recibe a miles de fans de Star Wars que asistirán al III Desfile Imperial Stormtroopers. Animad a los participantes del Campionato Galaico-Portugués de hockey a patines y la V Prueba de la Liga Gallega de O-Pie. Y si lo que apetece es catar cosas nuevas, la Ruta Ecogastro de tapas ecológicas del Ensanche puede resultar de lo más tentador, así como el mercado Compostela Eco ubicado en la Praza Roxa.

Don't miss a new chance to see the Marias come to life at the Theatre. Feel the stilts of Maduixa Teatre dancing on the Quintana's stones and watch how the Praza do Obradoiro receives thousands Star Wars fans for the Third Imperial Stormtroopers Parade. Support the participants of the Galaico-Portuguese Roller Hockey Championship and the Fifth on foot orientation Galician League Competition. And if you want to taste new things, the Ecogastro Route of organic tapas of the Ensanche is most tempting, as well as the Compostela Eco Market located at the Praza Roxa.



+info: semanasantasantiago.gal
compostelacapitalcultural.gal

MÉRCORES 24

Bombas anunciando o comezo das festas
12.00 H | RÚAS DO CASCO HISTÓRICO

Animación de rúa coa comparsa de cabezudos
12.30 H | RÚAS DO CASCO HISTÓRICO

Los40 Trending On Stage
Presenta, Arturo Paniagua
Luis Brea y el miedo + Shinova + Miss Cafeína
21.00 H | PRAZA DA QUINTANA | ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR O AFORO

Orquestra Cinema
23.00 H | PASEO CENTRAL DA ALAMEDA

Compostela é! Música: Carla Green & The Demons
23.00 H | PRAZA DO TOURAL

XOVES 25, DÍA DA ASCENSIÓN

Concurso cabalar Ascensión 2017
A PARTIR DAS 11.00 H | MERCADO NACIONAL DE GANDO DE SANTIAGO (AMIO)

Comparsa de cabezudos
12.00 H | RÚAS DO CASCO HISTÓRICO

Folk na rúa
18.00 - 21.00 H | RÚAS DA CIDADE

Concerto da Banda Municipal de Música
20.00 H | PRAZA DAS PRATERÍAS

Compostela Decide
18.00 h Trópico de Grelos
19.00 h Comidas do mundo
21.00 h Brinkadelia Troupe
A PARTIR DAS 18.00 H | PRAZA DO TOURAL

Voaxa e Carmin
20.30 H | TEATRO PRINCIPAL | 10 € (DESCONTOS 50%)*

Myles Sanko
Eladio y los seres queridos
22.00 H | PRAZA DA QUINTANA | ENTRADA LIBRE

Orquestra Metrópolis
22.30 H | PASEO CENTRAL DA ALAMEDA

VENRES 26

Compostela Decide: As Cancelas Fest
17.00 H | PARQUE DAS CANCELAS

A Real Filharmonía de Galicia nas Festas da Ascensión
20.00 H | PRAZA DA QUINTANA | GRATUITO

XII Trofeo da chave Festas da Ascensión
20.00 H | PARQUE DA ALAMEDA

Voaxa e Carmin
20.30 H | TEATRO PRINCIPAL | 10 € (DESCONTOS 50%)*

Orquestra Costa Dorada
22.30 H | PASEO CENTRAL DA ALAMEDA

Compostela é! Música: Cachas & Cousins
23.00 H | PRAZA DO TOURAL

Do 20 ó 28 de maio

RUTA ECOGASTRO DE TAPAS ECOLÓXICAS
Consultar participantes en: compostelaeco.com
RÚAS DO ENSANCHE DE SANTIAGO

Do 25 ó 28 de maio

MERCADO COMPOSTELA ECO 2017
Mercado de produtos ecolóxicos con certificación.
Degustacións, obradoiros, actividades infantís...
Consultar programa en: compostelaeco.com
PRAZA ROXA

SÁBADO 27

III Festa do Comercio
Consultar programa: santiagocentro.gal
ENSANCHE DE SANTIAGO

V Proba da Liga Galega de O-Pé
Carreiras de orientación a pé
10.00 - 15.00 H | MONTE PEDROSO

Campionato Galaico-Portugués sub-17 masculino de hockey a patíns
Selección Galega e as seleccións das cidades portuguesas de Porto, Aveiro e Minho
10.00-20.30 H | PAVILLÓN MUNICIPAL DE VITE

XX Festa para os maiores
Xantar e a continuación actuación musical de Salsaserena
14.00 H | RECINTO FEIRAL DE AMIO | 7 € BILLETEIRA DO TEATRO PRINCIPAL

XII Trofeo da chave Festas da Ascensión
17.00 H | PARQUE DA ALAMEDA

Corais na rúa
17.00 h Amigos de Compostela e Asubio. Rúa do Vilar
17.30 h Pontemantible e La Salle. Igrexa de Salomé
18.00 h A Xuntanza, Amigos do Castiñeiriño e A Ruliña. Praza de Cervantes
18.30 h Xúbilo, Coto da Nai e Santa Susana. Praza da Quintana
19.00 h Cantorum Compostellana Coniunctio, actuación conxunta. Praza das Praterías
A PARTIR DAS 17.00 H | RÚAS E PRAZAS DA CIDADE

Desfile Imperial Stormtroopers III
Percorrido na pág. 10
17.30 H | SAÍDA COLEXIO DE LA SALLE
19.30 H | CHEGADA PREVISTA Á PRAZA DO OBRADOIRO

'Mulier', Maduixa Teatre
18.00 H | PRAZA DA QUINTANA | ENTRADA LIBRE

Voaxa e Carmin
20.30 H | TEATRO PRINCIPAL | 10 € (DESCONTOS 50%)*

Translations Trio e convidados
Alejandro Vargas (piano)
Isaías Monteiro (baile)
Kiko Veneno y sus cantecitos de ayer y de hoy
21.30 H | PRAZA DA QUINTANA | ENTRADA LIBRE

Orquestra Los Españoles
22.30 H | PASEO CENTRAL DA ALAMEDA

Compostela é! Música: Roberto Sobrado Grupo
23.00 H | PRAZA DO TOURAL

DOMINGO 28

Campionato Galaico-Portugués sub-17 masculino de hockey a patíns
Selección Galega e as seleccións das cidades portuguesas de Porto, Aveiro e Minho
10.00 - 13.30 H | PAVILLÓN MUNICIPAL DE VITE

Concerto á carta da Banda Municipal de Música
12.00 H | TEATRO PRINCIPAL | GRATUITO

María Fumaça, A Pequena e Grande Orquestra
17.30 H | PRAZA DA QUINTANA | ENTRADA LIBRE | PÚBLICO FAMILIAR

Voaxa e Carmin
19.00 H | TEATRO PRINCIPAL | 10 € (DESCONTOS 50%)*

Compostela é! Música: Gergelyes
20.00 H | PRAZA DO TOURAL

Programación suxeita a posibles modificacións.
Programación sujeta a posibles modificaciones.
The dates and programme may be subject to changes.
compostelacapitalcultural.gal / santiagoturismo.com

17 MAIO Día das LETRAS Galegas

'A Galicia que foi inventada parece-se cada vez máis a un soño cargado de razón'.

CARLOS CASARES



Maio acolle tamén a celebración máis grande da nosa cultura, o **Día das Letras Galegas**, que este ano se lle dedica a Carlos Casares. Galicia enteira énchese de actividades para dar visibilidade a súa figura e difusión á súa obra, e Compostela non será menos. O homenaxeado escritor, docente, político e xornalista; tomará os escaparates das librarías, lucirá nos estantes privilexiados das bibliotecas, protagonizará páxinas de xornais e revistas... Estade atentos porque comeza o ano de Casares e agromarán as oportunidades para que grandes e pequenos se acheguen ao seu orixinal xeito de escribir e entender a nosa cultura.

Durante todo o mes, na Biblioteca e Arquivo da Cidade da Cultura e no Museo do Pobo Galego, entre outros, haberá **exposicións e mostras bibliográficas** sobre o autor ourensán. O día 30, ás 19.00 h inaugúrase na Zona "C" a exposición **'Os mundos de Carlos Casares'**, comisariada por Gustavo Adolfo Garrido e Chus Martínez Domínguez. Unha viaxe de ida e volta coa que revísitar a escena cultural galega nas cinco últimas décadas, recuperando unha visión do escritor e dos seus lugares.

Do luns 15 ao venres 19 teremos a oportunidade de explorar a relación de do autor coa cidade na que estudou Filoloxía Románica. A **'Ruta Carlos Casares e Compostela'**, que sairá cada tarde da Praza de Mazarelos (horarios

na axenda, pág. 15), afondará na súa etapa de estudante, na época de parlamentar, no seu labor no Consello da Cultura Galega ou nos aspectos máis salientables que vinculan a súa obra con Compostela. A actividade é gratuita e o máximo de participantes serán 30 (Inscripción: info@auditoriodegalicia.org).

O mundo da música tamén lle renderá tributo en distintas actuacións que poderemos gozar de balde. A **Real Filharmonía de Galicia**, cun concerto no Auditorio o día 18 no que interpretará, entre outras pezas, *Formiga*, obra de R. Vizcaino inspirada no conto 'A galiña azul' de Casares. E a **Banda Municipal** nunha actuación no Teatro Principal o propio día 17. No Gaiás tamén soarán as nosas letras co percorrido musicado que fará **Gelria** por textos de diferentes autores.

O Salón Teatro ofrecerá, en varias datas a partir do día 16, a obra de Casares **'Os mortos daquel verán'**, da man de Talía Teatro e o CDG. E para seguir afondando na súa figura non vos perdades conferencias como a de Dolores Vilavedra na Sede de Afundación o día 15, **'Carlos Casares nun país de palabras'**.

Os **Centros Socioculturais e bibliotecas** da cidade tamén se unirán ás homenaxes con programacións especiais: contacontos, espectáculos de maxia, obradoiros teatrais e literarios, concursos de carteis... Podedes consultar toda a oferta cultural nas súas respectivas páxinas web.

DIA DE LAS LETRAS GALLEGAS

Mayo acoge también la celebración más grande de nuestra cultura, el **Día de las Letras Gallegas**, que este año se dedica a Carlos Casares. Galicia entera se llenará de actividades para dar visibilidad a su figura y difusión a su obra, y Compostela no será menos. El homenajeado escritor, docente, político y periodista tomará los escaparates de las librerías, lucirá en los estantes privilegiados de las bibliotecas, llenará páginas de periódicos y revistas... Estad atentos porque comienza el año de Casares y surgirán muchas oportunidades para que grandes y pequeños se acerquen a su original manera de escribir y entender nuestra cultura.

Durante todo el mes, en la Biblioteca y Archivo de la Cidade da Cultura y en el Museo do Pobo Galego, entre otros, habrá **exposiciones y muestras bibliográficas** sobre el autor ourensano. El día 30, a las 19.00 h se inaugura en la Zona "C" la exposición **'Os mundos de Carlos Casares'**, comisariada por Gustavo Adolfo Garrido y Chus Martínez Domínguez. Un viaje de ida

y vuelta con el que revísitar la escena cultural galega en las cinco últimas décadas, recuperando una visión del escritor y de sus lugares.

Del lunes 15 al viernes 19 tendremos la oportunidad de explorar la relación del autor con la ciudad en la que estudió Filología Románica. La **'Ruta Carlos Casares e Compostela'**, que saldrá cada tarde de la Praza de Mazarelos (horarios en la agenda, pág. 15), profundizará en su etapa de estudiante, en la época de parlamentar, en su labor en el Consello da Cultura Galega o en los aspectos más destacados que vinculan su obra con Compostela. La actividad es gratuita y el máximo de participantes será de 30 (Inscripción: info@auditoriodegalicia.org).

El mundo de la música también le rendirá tributo en distintas actuaciones que podremos disfrutar gratuitamente. La **Real Filharmonía de Galicia**, con un concierto en el Auditorio el día 18 en el que interpretará,

entre otras piezas, *Formiga*, obra de R. Vizcaino inspirada en el cuento 'A galiña azul' de Casares. Y la **Banda Municipal** en una actuación en el Teatro Principal el día 17. En el Gaiás también sonarán nuestras letras con el recorrido musicado que hará **Gelria** por textos de diferentes autores.

El Salón Teatro ofrecerá, en varias fechas a partir del día 16, la obra de Casares **'Os mortos de aquel verán'**, de la mano Talía Teatro y el CDG. Y para ahondar en su figura no os perdáis conferencias como la de Dolores Vilavedra en la Sede de Afundación el día 15, **'Carlos Casares nun país de palabras'**.

Los **Centros Socioculturales y bibliotecas** de la ciudad también se unirán a los homenajes con programaciones especiales: cuentacuentos, espectáculos de magia, talleres teatrales y literarios, concursos de carteles... Podéis consultar toda la oferta cultural en sus respectivas páginas web.

GALICIAN LITERATURE DAY

Galician Literature Day, the most relevant celebration of our culture, also takes place in May. This year it pays tribute to Carlos Casares and there will be activities all over Galicia to highlight his life and work, and Compostela will join in too. The honoured writer, teacher, politician and journalist will invade the shop windows of book stores, rest on the privileged shelves of libraries, fill pages of newspapers and magazines ... Look out for all the opportunities for adults and kids to approach his singular way of writing and understanding our culture, because the year of Casares has just begun.

Throughout the month, the Library and Archive of the Cidade da Cultura and the Museo do Pobo Galego, among others, will house **exhibitions and bibliographical displays** about this author from Ourense. The opening of the exhibition **'Os mundos de Carlos Casares'**, curated by Gustavo Adolfo Garrido and Chus Martínez Domínguez, will take place on the 30th, at 7 pm, in

the Zona "C". A journey through the last five decades of Galicia's cultural scene, recovering a particular vision of the author and his spaces.

From Monday 15th to Friday 19th, we will have the chance to explore the author's relationship with the city where he studied Romance Philology. The **'Carlos Casares and Compostela Route'**, that leaves every afternoon from Praza de Mazarelos (schedules on page 15), will delve into his student years, his time as a parliamentarian, his work at the Consello da Cultura Galega or the most outstanding aspects that connect his writing to Compostela. The activity is free and the maximum number of participants is 30 (Registration: info@auditoriodegalicia.org).

Musicians will also pay their tribute in different events that we will enjoy for free. On the 18th, at the Auditorio the **Real Filharmonía de Galicia** will perform, among other pieces, *Formiga*, by R. Vizcaino inspired on the

story 'A galiña azul' by Casares. And there will be a concert by the **Municipal Band** at the Teatro Principal on the 17th. Our literature will also sound over the Gaiás with the music tour that **Gelria** will do through texts of different authors.

The Salón Teatro will offer, on several dates from the 16th, the drama piece of Casares **'Os mortos daquel verán'**, on the hand of Talía Teatro and the CDG. And to learn even more about his figure don't miss conferences like **'Carlos Casares nun país de palabras'**, by Dolores Vilavedra at Afundación, on the 15th.

The **Sociocultural Centres and libraries** of the city will also join the celebrations with special events: storytelling, magic shows, theatrical and literary workshops, poster contests ... Check the entire cultural offer on their respective websites.

DANZA
DANCE

+ info: compostelacapitalcultural.gal

MUD GALLERY

Animales de hermosa piel

LA INTRUSA

11 MAIO
Teatro Principal
20.30 h

10 euros
Descontos habituais do 50%*

Creación e dirección: Virginia García e Damián Muñoz
Intérpretes: Virginia García, Damián Muñoz e Tatín Revenga
BSO: Jesús Díaz (Making Music in Silence)

VER CONCERTO DE JESÚS DÍAZ NA PÁX SEGUINTE
Concierto de Jesús Díaz, pág. seguinte | Concert of Jesús Díaz, on next page



Este espectáculo escénico audiovisual reflicte a idea de que algo acada a súa plenitude, non no momento de maior esplendor, senón despois de aguantar, aceptar, combater e rexurdir. Unha peza sobre o coraxe e a silenciosa dignidade que nos outorga a experiencia. Mud Gallery explora a reconciliación con aquilo que se oculta, que non se ilumina, que se ignora... Un proceso de aceptación e transformación das feridas para convertelas en belas cicatrices. A iluminación, o espazo escénico e a banda sonora, des-cóbreanse dun xeito orgánico, que forma parte activa, inflúe e modifica o desenvolvemento coreográfico.

Este espectáculo escénico audiovisual refleja la idea de que algo consigue su plenitud, no en el momento de mayor esplendor, sino después de aguantar, aceptar, combatir y resurgir. Una pieza sobre el coraje y la silenciosa dignidad que nos otorga la experiencia. Mud Gallery explora la reconciliación con aquello que se oculta, que no se ilumina, que se ignora. Un proceso de aceptación y transformación de las heridas para convertirlas en bellas cicatrices. La iluminación, el espacio escénico y la banda sonora, se descubren de una manera orgánica, que forma parte activa, influye y modifica el desarrollo coreográfico.

This audiovisual theatrical show reflects the idea that everything reaches its summit, not at the moment of most splendour, but long after enduring, accepting, fighting and reviving. A piece about courage and the silent dignity that only experience provides. Mud Gallery explores the reconciliation with what is hidden, not illuminated, ignored. A process of acceptance and transformation that turns wounds into beautiful scars. The staging, lighting and soundtrack are active parts of the show, that influence and modify the choreographic performance organically.

MULIER

MADUIXA TEATRE

27 MAIO
Praza da Quintana
18.00 h
Acceso libre

Creación e dirección: Joan Santacreu
Dirección coreográfica: Mamen García
Intérpretes: Laia Sorribes, Lara Llavata, Melisa Usina, Esther Latorre, Ana Lola Cosin e Emma Ferrer



Mulier é un espectáculo de danza sobre zancos interpretado por cinco bailarinas que investigan os límites físicos coa danza e o equilibrio, o movemento e a poesía ou a forza e as emocións. A montaxe nace da necesidade de explorar a identidade feminina a través do xogo corporal, facendo fincapé na imaxe, a poética visual e a narración para chegar á sensibilidade do espectador. É unha homenaxe a todas as mulleres que durante séculos de opresión loitaron e seguen loitando para manter vivo o seu eu salvaxe, reclamando o seu dereito de bailar e correr libremente polas rúas e prazas da nosa sociedade.

Mulier es un espectáculo de danza sobre zancos interpretado por cinco bailarinas que investigan los límites físicos con la danza y el equilibrio, el movimiento y la poesía o la fuerza y las emociones. El montaje nace de la necesidad de explorar la identidad femenina a través del juego corporal, haciendo hincapié en la imagen, la poética visual y la narración para llegar a la sensibilidad del espectador. Es un homenaje a todas las mujeres que durante siglos de opresión lucharon y siguen luchando para mantener vivo su yo salvaje, reclamando su derecho de bailar y correr libremente por las calles y plazas de nuestra sociedad.

Mulier is a dance show on stilts performed by five dancers who experiment with the physical limits of dance and balance, movement and poetry or strength and emotions. It was created from the urge of exploring the feminine identity through corporal moves, emphasizing on the image, the visual poetics and the narration itself, in order to approach the sensitivity of the spectator. It is a tribute to women who fought oppression over the centuries, and continue fighting on today to preserve their wild self, claiming their right to dance and run freely through the streets and squares of our society.

Entradas | Tickets: Teatro Principal, de martes-sábado (+ días de evento), 18.00-21.00 h / entradas.abanca.com e 902 434 443 * Descontos do 50% para os seguintes colectivos: desempregados, maiores de 65 anos, xubilados, menores de 25 anos, estudantes, familias monoparentais, familias numerosas, perceptores de rendas sociais

INFANTIL & FAMILIAR
FOR KIDS & FAMILIES

20
MAI



TIC TAC TOC
PABLO DÍAZ

Auditorio de Galicia | 18.30 h
Gratuito previa retirada de localidades a partir do 2 de maio no Teatro Principal. E o día do espectáculo, tamén no Auditorio de Galicia.

Pop-rock-folk para xente miúda. Para cantar os temas máis divertidos do último traballo TIC TAC TOC e facer un pequeno repaso das cancións máis emblemáticas dos anteriores traballos, TIC TAC e TOC TOC. Pablo Díaz contará neste concerto coa banda ao completo: Olga Kirk, Diego Barral e Alex Fente.

Pop-rock-folk para gente menuda. Para cantar los temas más divertidos del último trabajo TIC TAC TOC y hacer un pequeño repaso de las canciones más emblemáticas de trabajos anteriores, TIC TAC y TOC TOC. Pablo Díaz contará en este concierto con la banda al completo: Olga Kirk, Diego Barral y Alex Fente.

Pop-rock-folk for kids. Sing along to the tunes of the band's latest work TIC TAC TOC and also the memorable songs of previous albums, TIC TAC and TOC TOC. For this show, Pablo Díaz will count on the whole band: Olga Kirk, Diego Barral and Alex Fente.

E TAMÉN...

Y TAMBIÉN... | AND ALSO...

As maxias máis máxicas de todas as maxias

MARTÍN CAMIÑA

Espectáculo máxico e literario sobre a vida e obra de Carlos Casares.

Espectáculo mágico y literario sobre la vida y obra de Carlos Casares.

Magic and literary show about the life and work of Carlos Casares.

11 MAIO | CSC de Vite | 19.00 h | +6 anos | Gratuito

Unha viaxe ao mundo de Carlos Casares

SOLEDAD FELLOZA | CONTACONTOS

18 MAIO | CSC de Santa Marta | 18.00 h | 4-11 anos | Gratuito

O curral de cocoricoricó

CHARO PITA | CONTACONTOS

27 MAIO | CSC de Santa Marta | 18.00 h | 0-3 anos | Gratuito

+ info: compostelacapitalcultural.gal
santiagosociocultural.org

SANTIAUTOR

PEDRO
GUERRA

4 MAIO | Teatro Principal | 22.00 h
20-25 € anticipada / 25-28 € billeteira

O cantautor canario chega coa súa exitosa xira 'Arde y Vuela', na que interpreta cancións de 'Arde Estocolmo' e '14 de ciento volando de 14'.

El cantautor canario llega con su exitosa gira 'Arde y Vuela', en la que interpreta canciones de sus discos 'Arde Estocolmo' y '14 de ciento volando de 14'.

The Canarian singer-songwriter is here on his successful tour "Arde y Vuela", performing hits of his albums; 'Arde Estocolmo' and '14 de ciento volando de 14'.

GUADI
GALEGO

12 MAIO | Teatro Principal | 22.00 h
15 € anticipada / 18 € billeteira / 20 € día de evento

A artista galega afonda no son do seu anterior traballo e, coa produción de Pachi García Alis, acadada unha dimensión propia, chea de matices.

La artista gallega profundiza en el sonido de su anterior trabajo y, con la producción de Pachi García Alis, alcanza una dimensión propia, llena de matices.

The Galician artist reaches a new dimension, with the production of Pachi García Alis, in this personal album that delves into the sound she began with her previous work.



ELE

13 MAIO | Teatro Principal | 22.00 h
8/10 € anticipada / 10/12 € billeteira

Elena Iturrieta revitaliza o soul cunha voz e unha proposta musical única e elegante.

Elena Iturrieta revitaliza el soul con una voz y una propuesta musical única y elegante.

Elena Iturrieta revitalises soul music with a personal and elegant voice and performance.



ROSA
CEDRÓN

19 MAIO | Teatro Principal | 22.00 h
8/10 € anticipada / 10/12 € billeteira

Rosa regresa con 'Nada que perder', un disco cheo de luz e composicións propias sobre as emocións humanas máis básicas.

Rosa regresa con 'Nada que perder', un disco lleno de luz y composiciones propias sobre las emociones humanas más básicas.

Rosa is back with 'Nada que perder', a bright album full of her own compositions on basic human emotions.

+ info: santiautor.gal

IALMA

CAMIÑO. DE BRUXELAS
A SANTIAGO

3 MAIO
Teatro Principal
20.30 h

10 euros
Descontos
habituais
do 50%*

Verónica Codesal, Natalia Codesal,
Marisol Palomo e Magalí Menéndez

Estas catro garbosas cantareiras afincadas en Bruxelas que, despois de preto de 20 anos, seguen a cantar, tocar e bailar polo mundo enteiro a súa terra, Galicia, volven cun concerto que dá boa conta dos camiños andados desde 'Palabras Darei', o seu primeiro álbum. Non hai relación máis ó caso da palabra "camiño" que Santiago de Compostela, e aínda máis se quen vincula unha coa outra é un dos seus embaixadores máis orgullosos, IALMA.



Estas cuatro cantantes garbosas afincadas en Bruselas que, después de casi 20 años, siguen cantando, tocando y bailando su tierra gallega por el mundo entero, vuelven con un concierto que da buena cuenta de los caminos andados desde 'Palabras Darei', su primer álbum. No hay relación mejor avenida de la palabra "camino" que Santiago de Compostela, y aún más si quién las vincula es uno de sus embajadores más orgullosos, IALMA.

These four graceful singers based in Brussels have taken Galicia around the world with their songs, music and dance for almost 20 years now. They are back with a gig that witnesses the long way they have come since 'Palabras Darei', their first album. And there is no better related concept to the word "way" than Santiago de Compostela, especially when they are put together by one of their most proud ambassadors, IALMA.



10 euros
Descontos
habituais
do 50%*

JESÚS DÍAZ

MUD GALLERY E OUTROS PROXECTOS

10 MAIO | Teatro Principal | 20.30 h

O recoñecido compositor ofrece un concerto dos seus diferentes proxectos musicais, entre os que se atopa 'Mud Gallery', proxecto de danza de La Intrusa que se pode ver no Teatro Principal o 11 de maio. Do seu traballo a nivel internacional, destacan as bandas sonoras de seis longametraxes, como o multipremiado 'The Debt', ou 'Aloft' da nomeada ao oscar Claudia Llosa. O seu máis recente traballo foi para 'Cannabis', a serie francesa de Canal Arte Francia, dirixida por Lucie Borleteau.

El reconocido compositor ofrece un concierto de sus diferentes proyectos musicales, entre los que se encuentra 'Mud Gallery', proyecto de danza de La Intrusa que se puede ver en el Teatro Principal el 11 de mayo. De su trabajo a nivel internacional, destacan las bandas sonoras de seis largometrajes, como la multipremiada 'The Debt', o 'Aloft' de la nominada al oscar Claudia Llosa. Su trabajo más reciente fue para 'Cannabis', la serie francesa de Canal Arte Francia, dirigida por Lucie Borleteau.

The renowned musician offers a concert of his different musical projects, 'Mud Gallery' among them, a dance project of La Intrusa performed at the Teatro Principal on May 11th. From his international work, the soundtracks of six films, such as the multi-award-winning 'The Debt', or 'Aloft' by Oscar nominee Claudia Llosa are remarkable. His most recent work was for 'Cannabis', the French series of Canal Arte France, directed by Lucie Borleteau.

VER ESPECTÁCULO DE DANZA NA PÁX ANTERIOR

Ver espectáculo de danza en la página anterior | See dance performance on previous page



20 euros
+ gastos
de xestión

ANTONIO ZAMBUJO

CANTA A CHICO BUARQUE

14 MAIO | Auditorio de Galicia | 20.30 h

